

## I CARREIRA SOLIDARIA AXUDA A HAITÍ

O clube Atletismo **MillaRaio**, xunto co **Concello de Ames** organizan o domingo 14 de marzo a **I Carreira Solidaria Axuda a Haití** no Polígono Industrial do Milladoiro baixo o control técnico da **Delegación de Atletismo de Santiago** (Federación Galega de Atletismo) e segundo o seguinte:

### REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados. A clasificación será conxunta.
2. As probas terán lugar o **domingo 14 de marzo** con percorrido urbán polas rúas do Milladoiro e polo seu Polígono Industrial (a 4 Km de Santiago de Compostela).
3. A **Saída** e **Meta** estarán ubicadas no Parking situado diante do Colexio Infantil do Milladoiro, nas inmediacións da Piscina Municipal.
4. Estableceranse as seguintes categorías de competición:
  - **PREBENXAMÍN**: atletas nados no ano 2003 e posteriores.
  - **BENXAMÍN**: atletas nados nos anos 2002 e 2001.
  - **ALEVÍN**: atletas nados nos anos 2000 e 1999.
  - **INFANTIL**: atletas nados nos anos 1998 e 1997.
  - **CADETE**: atletas nados nos anos 1996 e 1995.
  - **XUVENIL-JUNIOR**: atletas nados nos anos 1994, 1993, 1992 e 1991.
  - **PROMESA-SENIOR**: atletas nados en 1990 ata veteranós.
  - **VETERÁNS**: atletas nados en 1975 e anteriores.

## 5. HORARIO E DISTANCIAS DAS PROBAS:

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
11:00 h	PREBENXAMÍN e anteriores	<b>300 m</b> 1 Volta Parking
11:15 h	BENXAMÍN e ALEVÍN	<b>1000 m</b> 2 Voltas A
11:30 h	INFANTIL e CADETE	<b>1400 m</b> Volta A+B
12:00 h	XUVENIL-JUNIOR, PROMESA- SENIOR e VETERÁNS <b>ANDAINA</b>	<b>5000 m</b> 2 voltas C <b>1500 m (1 Volta D)</b>
12:40 h	ENTREGA DE PREMIOS E SORTEOS	

Os circuitos poden verse na web : [www.millaraio.blogspot.com](http://www.millaraio.blogspot.com)

6. Outorganrase **Diplomas de Honra** ós 3 primeiros clasificados de cada categoría establecida (os xuvenil-junior e os promesa-senior computarán como unha soa categoría) e un **diploma especial** á entidade que aporte mais participantes á carreira. A entrega de premios está prevista para ás **12:40 horas**.
7. Farase sorteo de agasallos **DOADOS POLOS COLABORADORES** entre todos os participantes das carreiras e da andaina. Os agasallos corresponden ó material deportivo, camisetas, balóns e mochilas colaboración de **“O CORRUNCHO DEPORTIVO”**, **“MILLA SPORT”** e **“CENTRO DEPORTIVO”**, vales para unha limpeza dental no **CENTRO DENTAL MACIA**, unha estancia no **HOTEL HUSA SANTIAGO APOSTOL** e **vales de compra** nos establecementos de Milladoiro por cortesía de **AEMI** (Asociación de Empresarios do Milladoiro).

O atleta mundialista **PEDRO NIMO DEL ORO** será **padriño** da carreira e colabora poñendo a sorteo unha das prendas que utilizou no último Campeonato do Mundo de Berlin onde correu a Maratón.

8. As inscricións deberán ser enviadas ó correo electrónico [inscricionsFGAsantiago@gmail.com](mailto:inscricionsFGAsantiago@gmail.com), ou ó nº de FAX **981 191559**, e nela deberán reflexarse os seguintes datos:

- *Nome e Apelidos.*
- *Data de nacemento completa (aa/aa/aaaa).*
- *Clube e nº de licencia (se a ten).*
- *Correo electrónico.*
- *Empresa, clube, colectivo ou entidade ó que pertencen.*

O prazo de inscrición rematará o venres **12 DE MARZO** ás 14 horas.

9. Dado o carácter solidario da proba, para poder participar na mesma entregárase un **DONATIVO DE 3 EUROS** (como mínimo) que serán doados íntegramente para a institución **MANOS UNIDAS** en acto a realizarse ao termino das probas atléticas. Haberá unha urna para depositar este donativo no momento da recollida do dorsal. Os donativos recadados serán destinados na súa totalidade a axuda **DOS AFECTADOS POLO TERREMOTO DE HAITÍ.**

10. Haberá servizo de habituallamento líquido á conclusión das probas cortesía de Coca Cola (**Begano, S.L.**). Os rapaces recibirán colacao e chocolatinas (colaboración de **Distribucións Camba**) e os participantes da carreira absoluta zumes, yogures e unha peza de froita (Cortesía de **Froitería Barreiros**). Haberá servizo de duchas no pavillón municipal do Milladoiro, a carón da piscina municipal a 300 m da saída das probas.

11. Agardamos de todos a máxima colaboración e deportividade. Todo o non previsto neste regulamento resolverase segundo o regulamento RFEA en vigor.